

FACENDO CAMPAÑA 1

Con esta actividade traballamos:

Responsabilidade fronte ao malgasto de alimentos.
Responsabilidade como consumidores.
Pautas para evitar tirar alimentos.
Realización dunha campaña informativa.
Os ODS 2, 12, 14 e 15.

Durará

A duración dependerá das necesidades.

Necesitaremos:

Información extraída das actividades "Desperdicio de alimentos" e "Malgasto caseiro".
Follas de traballo do Anexo.
Vídeos para o seu visionamento en clase:
"La huella del desperdicio de alimentos" e "La huella del desperdicio de alimentos 2" ambos da FAO.
"El desperdicio" patrocinado por WWF

Ciclos: 1, 2, 3

Consideracións previas:

No caso de que non se realizaron as actividades "Desperdicio de alimentos" e "Malgasto caseiro", é importante o visionamento dos vídeos que propoñemos.

Desenvolvemento

1ª fase

En caso de non se virán antes, proxectar os vídeos, deténdose cando sexa necesario e resolvendo as dúbidas que poidan xurdir para que se comprenda todo o contido.

Dividir a clase en grupos e explicar a actividade para realizar:

"Vimos o importante que é o desperdicio de alimentos e a responsabilidade que temos os/as consumidores/as neste tema. Somos un elo máis na cadea da inxustiza da fame. Debemos adoptar unha postura responsable, tomar partido, actuar, porque está na nosa man cambiar as cousas.

Os grupos debedes pensar accións concretas que nos permitan acabar co malgasto de alimentos na nosa contorna, elaborando un decálogo cos pasos máis importantes a seguir".

Repartir as follas de traballo e deixar que os grupos elaboren o seu decálogo.

Cando todos os grupos teñen as súas accións terminadas, unha persoa de cada grupo explica a súa proposta. Reflexionar sobre os seus contidos, de maneira que sexan o máis adecuados e prácticos posible.

2ª fase

Agora crearemos unha "Campaña de Difusión" co obxectivo de que a mensaxe dos decálogos chegue ao maior número de persoas posible, tanto entre o alumnado do centro, como noutros espazos: amigos e amigas, familias, etc..

- Para iso, cada grupo deberá plasmar a mensaxe da maneira que considere (carteis, imaxes, vídeo, audio, ...), sendo o máis creativos posible. Neste sentido, unha acción podería ser a creación de imáns de neveira con mensaxes para chamar a nosa atención sobre os alimentos nela, para evitar que se estraguen e teñamos que tiralos.
- A mensaxe deberá incluír algunha reflexión sobre o malgasto de alimentos e os puntos do decálogo elaborado. Deben expor unha serie de advertencias e mensaxes curtos e fáciles de difundir, para informar e sensibilizar

Unha vez feitos os adhesivos deberán distribuílas entre os seus familiares e amigos para que as utilicen e reducir o desperdicio.

Folla de traballo

Que accións suxerimos?

Debedes facer un decálogo con accións concretas para evitar o desperdicio de alimentos. Deben ser accións facilmente aplicables e que axuden a cambios reais no comportamento das persoas; pensade en vós mesmos/as e na vosa contorna.

Temas que debedes reflexionar para facer o decálogo.

O noso tipo de dieta: hábitos de consumo enfocalo cara ao consumismo excesivo máis aló das necesidades. O que comemos, ten un impacto importante sobre o medio ambiente e sobre a capacidade das persoas que sofren fame para acceder a alimentos.

Desperdicio de alimentos: este punto é clave, xa que os consumidores desperdiciamos, por diversas razóns, unha gran cantidade de alimentos. É importante coñecer as causas do desperdicio de alimentos na nosa propia contorna e buscar as accións prácticas que nos permitan loitar contra este problema.